

EXPOSICIÓN SOBRE O ENTROIDO NA PROVINCIA DE LUGO.

José Manuel Blanco Prado

RESUMEN

En este artículo se hace mención de algunos rituales que se emplean en la festividade del Carnaval por algunas comunidades de la provincia de Lugo. Al mismo tiempo el trabajo va ilustrado con una serie de fotografías sobre la citada festividade que sirvieron de base para una exposición fotográfica llevada a cabo por el autor.

RESUMO

Neste artigo faise mención dalgúns rituais que se empregan na festividade do Entroido por algunhas comunidades da provincia de Lugo. O mesmo tempo o traballo vai ilustrado cunha serie de fotografías sobre a devandita festividade que serviron de base para unha exposición fotográfica levada a cabo polo autor.

1.- LIMIAR.

A comezos do mes Abril do 2004, D. José Manuel Blanco Prado¹ profesor de Filosofía do I.E.S. “Xoan Montes” de Lugo realizou unha exposición etnográfica sobre diferentes trazos con respecto ó Antroido na provincia de Lugo. Esta exposición tivo lugar no mesón “O Fomo”, sito na C/ Río Ser e propiedade do Sr. Carreira.

A finalidade que pretendía o autor era amosar dun xeito directo por medio da fotografía algunhas peculiaridades do Antroido na devandita provincia. Polo tanto, nesta primeira exposición, o autor tentaba reflectir por medio de vintetrés fotografías diferentes rituais sobre esta festa, que tiñan e seguen tendo lugar en distintas comunidades lucenses: Lugo, a Ribeira de Chantada, a Terra Cha e o Val de Lemos. Ademáis incorporou nun folleto unhas breves consideracións teóricas sobre o desenvolvemento desta festa nas comunidades citadas para que poidesen servir de guía a tódalas persoas ,que visitasen a exposición. Tanto a exposición como a guía que acompañou a mesma serviranlle de fundamento para inmediatas investigacións, que ten pensado levar a cabo sobre outros Antroidos nesta provincia.

¹ Tamén e doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela.

Finalmente o autor pretende expor neste artigo os contidos do folleto, que realizou para tal evento, así como as fotografías da exposición máis relevantes.

2.- O CICLO DO ENTROIDO.

O entroido é unha expresión latina, que sififica no ámbito cristián “adeus á carne”, xa que se refire os derradeiros días nos que se podía comer carne antes de que chegase a Coaresma. Así o manifesta a seguinte cantiga: // “**Adiós, martes de Antroido / adiós, meu amiguño / hasta el Domingo de Pascua / non comerei máis touciño**”//.

O entroido - segundo *Marino Ferro* — “es una fiesta de libertad, de licencia, de inversión de valores y de parodia”. *Caro Baroja* fálanos dela “como una fiesta de paso de año concebida desde una sociedad urbana pero aún lo bastante allegada a la agricultura y al pastoreo como para que subsista en ella un hondo sentido de la vinculación con los ritmos vitales de la planta cultivada y el animal doméstico”.

Segundo Vicente Risco o ciclo máis xeralizado do entroido era o seguinte:

1. O “Domingo Fareleiro”. Por ex. “Ribeira de Chantada” (Vilaxe...).
2. O “Xoves de Compadres”. Concellos da Terra de Lemos (Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón, Pobra de Brollón, o Saviñao...). O máis importante Monforte de Lemos.
3. O “Domingo Corredoiro”. Por ex. “Ribeira de Chantada” (Vilaxe, Nogueira...).
4. O “Xoves de Comadres”. Concellos da Terra de Lemos. O máis importante Monforte de Lemos.
5. O “Domingo, Lúns e Martes do Entroido”. En moitas parroquias e pobos da provincia de Lugo celébranse bailes e concursos de disfraces. De tódolos xeitos compre distinguirmos:
 - 5.1. Lúns do Entroido. “O oso de Salcedo” (A Pobra de Brollón).
 - 5.2. Martes do Entroido. “O enterro do Entroido” en Vilaxe (Chantada), no Val do Franco (Castro de Rei), en Tirimol (Lugo) etc. Neste día tamén é importante “O sermón e o xuízo ó Entroido” no Val do Franco.
6. O “Mércores de Cinza. Enterros da sardina na cidade de Lugo e nos pobos de Burela, Monforte de Lemos, Sarria, Vilalba, Viveiro ...

Tamén nalgunhas comunidades da provincia celébrase o Domingo de Piñata: P. ex. “A queima do Entroido” en Ribadeo, que é o que ten maiores proporcións da provincia.

3.- BREVE REFERENCIA OS ENTROIDOS REFLECTIDOS ÑAS FOTOS DA EXPOSICIÓN.

3.1.- O Entroido da Ribeira de Chantada.

Antaño, o entroido celebrouse ñas parroquias de *Santiago de Arriba, S. Pedro de Líncora, Camporramairo, A Zariña, Nogueira do Miño, Vilaxe* etc. Pero nos derradeiros anos, debido á perda de xente nova nestas parroquias, so se segúe celebrando algo en *Nogueira do Miño e Vilaxe*. Esta última parroquia recuperou a tradición do Entroido no ano 1998.

Todo isto motivou que no ano 2001 se constituíse a “Asociación do Entroido Ribeirao de Chantada”, que ten como finalidade salvar unha tradición que estaba a piques

de desaparecer. Por tal motivo os seus integrantes tentan proxectar o entroido non so a aquelas parroquias con raíz carnavalesca, senón tamén á propia capitalidade do concello.

O entroido nestas terras celébrase durante cinco días: os domingos de Lambedoiro, Corredoiro e Antroido, e o lúns e martes do Entroido. Nestas datas saen unha serie de persoas disfrazadas do seguintes xeito:

1. Os volantes.

Son as figuras máis chamativas. Levan unha camisa branca cunhas vendas cruzadas desde os nocellos ós xeonllos; por riba da camisa levan posto uns grandes panos de muller, cruzados por cada ombro; na cintura portan un cinto, que sostén vintecatro campaiñas, chamadas “machos” ou “femias”, segundo causen un son grave ou agudo; por riba da súa cabeza levan “**o pucho**”, un armazón de fío de aramio e madeira, provisto de cintas e frores de papel de tódolas cores, que remata nunha boneca de xoguete e dous penachos.

Os volantes, sempre do sexo masculino, van saltando, o que da lugar a que as cintas de papel voen polo aire e as campaiñas orixinen un constante e rítmico son. Estes, acompañados dalgúns “peliqueiros”, son os encargados de anunciar o comezo dun oficio no que adoitan intervir un bo número de “mecos”.

2. Os peliqueiros.

Van provistos dunha pelica - pel fina de cameiro ou cabrito- que levan por riba da roupa. Ademais portan un pao o un látego, para impediren que algúns observadores dos oficios tenten desfácelos.

3. Os mecos.

Son os personaxes máis numerosos. Visten con roupa vella e son os que se encargan de representar os diferentes oficios, que teñen como finalidade dos server de parodia dos distintos traballos e comportamentos sociais.

Neste últimos anos fundouse en Chantada a “Asociación do Antroido Ribeirao”, que debido á progresiva perda do Antroido de Santiago de Arriba, A Sariña, San Pedro de Líncora e outras parroquias da Ribeira, defende o traslado desta manifestación festiva á vila de Chantada como vía para sálvala. Pola contra a comunidade parroquial de Vilaúxe quere seguir organizándoo por si mesmo. A este respecto Juan Carlos González, presidente da Asociación do Entroido Ribeirao, manifesta: “Se os de Vilaúxe poden, perfecto, pero o resto das parroquias non temos medios”.

3.2.- O Oso de Salcedo (A Pobra de Brollón).

O lúns do Entroido, na localidade de Salcedo (A Pobra do Brollón), sae polas corredeiras e rúas do pobo o oso, un personaxe vestido con peles de cordeiro e máscara de plantígrado. Éste, axudado por uns criados -normalmente catro- dedícase a “cazar” a tódalas persoas, que atopa no seu camino, para tisharlles a cara con cinsa recollida dalgunhas cociñas do pobo, e, ás veces, con brea.

O profesor francés Yvon Dupouy - investigador das diferentes manifestacións do oso en Europa- indícanos o carácter ambiguo do oso, xa que mentres en Salcedo -coincidente dalgún xeito coa Cataluña francesa- o oso non é perigoso senón que é un animal que serve para anunciar a primavera e ó mesmo tempo é símbolo da fertilidade e ledicia, en Rumania, o oso é unha figura vinculada a algo maléfico.

En Salcedo, -segundo Mercedes Vázquez- o oso apareceu sempre vestido con peles na compañía dos criados que o levaban atado cunha corda e, cando o soltaban, tirábase nos charcos, e logo, tirábase á xente tocando o esquilón, as chocas, segundo comenta o Quinto de Salcedo. No Entroido galego, o oso acostumbra a ir so, pola contra en Salcedo, aparece en compañía dos criados que noutrora o axudaban a emporcar á xente, aínda que hoxe confórmase con tiznar e tirar ó chan a máis dun².

3.3.- O Xoves de compadres e omadres.

Tanto os compadres como as comadres son bonecos, realizados con palla, ben comprimidos e vestidos con roupas de homes e mulleres, respectivamente. Hai anos, nalgúns barrios de Monforte de Lemos pendían estes bonecos, o día antes da festa, nun lugar de difícil acceso e logo os vixában toda a noite; así, mentres os homes estaban pendentes des comadres, as mulleres estábano das compadres, xa que era doado de recoñecer o sexo da persoa representada por mor das roupas que lle foran postas. A finalidade era recuperar o boneco, o que daba lugar a unha loita simbólica entrámbolos dous sexos.

Na actualidade na Terra de Lemos, que abrangue os concellos de Bóveda, Monforte, Pantón, O Sabiñao, A Pobra do Brollón, Sober, tentase facer diversas parodias, tanto o xoves de compadres como o de comadres, usando bonecos dámbolos dous sexos, que representan diferentes comportamentos e tarefas da vida cotiá.

Este antroido foi analizado, entre outros, por Hermida Balado, Germán Vázquez e Moure Mariño³.

3.4.- O entroido no “Val de Francos”.

Dende o ano 1992 as parroquias de Ansemar, Balmonte e Governó celebran neste fermoso val o entroido como reflicten as seguintes estrofa:

<p>“ Xa que tres pobos se uniron, con unha grande ilusión , nunha tarde de harmonía , fan esta celebración”,</p>	<p>“ Balmonte, Governó e Ansemar xuntas o Antroido van festexar ¡é tan fermosa esta unión que mesmo agranda o corazón”⁴.</p>
---	--

Os actos máis representativos deste entroido son o sermón, o xuizo e a queima do entroido.

1. O Sermón.

Trátase dun conxunto de estrofas, pronunciadas normalmente por un home e as veces tamén por unha unha muller, nas que se satirizan preferentemente diferentes eventos que tiveron lugar no concello, e nesas parroquias en particular. Entre algúns sermoeiros de sona irnos distinguir os seguintes: Laxe de Loentia, Elias da Concha de Ansemar, Salvador de Aguiar de Samartiño de Governó, Hipólito e Eleuto de Ansemar, Edelmiro de Samartiño de Governó e Serafín de Tito de Quintela⁵.

² Diario “El Progreso”, 27-2-01, pax.21.

³ ZAPATA, Luís.- Crónicas de Antroido (III), Diario “El Progreso”, 10-2-02, páx. 22.

⁴ Asociación Cultural “Val de Francos”. Máis de media duda de escritores chairegos e o Antroido, Lugo, pax.4.

⁵ Informante: Xosé Manoel Carballo, gran impulsor do Entroido do “Val de Francos”.

2. O Xuizo ó Eentroido.

Neste acto interveñen tres persoas, que simbolizan a un xuiz, un fiscal e un avogado defensor, que levan a cabo o seu rol, utilizando, ó igual que no sermón, unha serie de estrofas ñas que ó remate o fiscal condena ó antroido a ser queimado.

Finalmente é importante facer mención do Antroido do ano dous mil, xa que ,por primeira vez nesta comarca, foi planificado por tres mulleres: Ana María Canto Rodríguez, da parroquia de Governó; María Luisa Alonso, de Balmonte e Montserrat Flores Fernández, de Ansemar.

3.5.- O enterro da sardina.

Na cidade de Lugo e nalgúns pobos da provincia: Burela, Chantada, Monforte, Sarria, Vilalba...celebrase no solpor do mércores de cinza este enterro, no que interveñen confrades, plañeiras e devotos, que levan nos seus ombros o cadaleito da sardina ata a praza maior, onde un representante dos confrades pronuncia un discurso satírico.

Na nosa cidade, o acto é organizado pola asociación cultural *Pepe Barreiro*, persoa que noutrora impulsou en Lugo esta celebración. Na procesión fúnebre participan máis de cen persoas, que saen do Círculo das Artes e percorren varias rúas, cantando as estrofas, escritas no seu día polo fundador da confraría. O percorrido remata na praza maior, onde o carón da Casa Consistorial un representante da comitiva lee uns ferretes - estrofas-, que aluden a diferentes eventos da política estatal, autonómica e municipal⁶.

No ano dous mil catro a estrofa cantada polos confrades e demais persoas asistentes ó acto foi a seguinte:

**“ E xa temos unha ponte,
fíxerona os romanos
e agora que se biquen
o alcalde e o señor Cascos”**

As diferentes estrofas que se cantan neste día, son elaboradas en galego por todas as persoas da confraría que o estimen conveniente. En anos vindeiros tense pensado facer un concurso público de “estrofas satíricas” para seleccionar as máis axeitadas.

VI. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA SOBRE O ANTROIDO.

- ALBARELLOS CODESIDO, X. C. e REBOLEIRO GONZÁLEZ, V. *Aires de festa*, A Coruña: Ed. Bahía, 1993, pp. 19-27.
- ASOCIACIÓN CULTURAL “VAL DE FRANCOS”. *Máis de media ducia de escritores chairegos e o antroido*. Lugo: Gráficas Lucenses, 1993, 80 pp.
- CARO BAROJA, J. *El Carnaval*, Madrid: Taurus, 1983.
- COCHO, Federico. *O Carnaval en Galicia*, T ed, Vigo: Xerais, 1992, 365 pp.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARINO FERRO, X.R. *Entroido en Galicia*. Coruña: Deputación, 1985.
- LISÓN TOLOSANA, C. *Antropología cultural de Galicia*, Madrid: Ed. Siglo XXI, 1971.

⁶ Informante: Mercedes Barreiro González, filia de Pepe Barreiro, fundador da confradía actual.

- LISÓN TOLOSANA, C. *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega*, Madrid: Akal, 1974.
- LORENZO, X. “Do noso antroido: os escabicheiros”, en *Brigantium*, no 3, 1982.
- LORENZO, X. “Notas encol do Antroido en lobería”, en *Nós*, no 124, 1934.
- LORENZO, X. *Cantigueiro popular*, Vigo: Galaxia, 1973, 296 pp.
- MARINO FERRO, X.R. *O entroido ou os proceres da carne*, 2a ed., Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2003, 217 pp.
- OTERO FERNÁNDEZ, X.M. “A dimensión lúdica da vida humana. O entroido, unha antiga celebración”, en *Exemplificación didáctica. Ed. Secundaria Obrigatoria*. Tomo II, Xunta de Galicia, pp. 187-217.
- RTVAS, Paco. *Fiestas de Galicia. Propostas didácticas*. Lugo: Deputación, 1996, pp. 37-47.
- RISCO, V. “*Etnografía: cultura espiritual*”, *Historia de Galicia*, Madrid, Akal, 1979, pp. 225-763.
- TABOADA CHIVITE, J. *Ritos y creencias*, Santiago: Sálvora, 1983, 298 pp.
- VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, Xosé Manuel. “O entroido ñas ribeiras de Chantada. A persistencia da festa”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. Tomo VII, vol. 2, 1995, pp. 249-258.

4.- FOTOGRAFÍAS DA EXPOSICIÓN.

4.1.- CONTIDOS DAS FOTOGRAFÍAS DA EXPOSICIÓN

NÚM.	CONTIDOS
1	As fiandeiras (Distriz) (Monforte) – Xoves de comadres.
2	As noivas buscando un millonario (Piñeira) (Monforte). X. de comadres
3	O desenterro do Entroido (Vilaúxe) (Chantada)
4	Os volantes (Vilaúxe) (Chantada)
5	O predicador (Val de Francos) (Castro de Rei)
6	O oso de Salcedo (A Pobra de Brollón)
7	O enterro da sardiña (Lugo)
8	Os volantes danzando (Vilaúxe) (Chantada)
9	A roza dos toxos (Distriz) (Monforte). Xoves de compadres.
10	O oficio de albanelería (Vilaúxe) (Chantada)
11	O xuizo do Entroido (Val de Francos) (Castro de Rei)
12	O enterro da sardiña (Lugo)
13	Os demos (Ribas Altas) (Monforte). Xoves de compadres.
14	O oficio dos ferreiros (Vilaúxe) (Chantada).
15	A queima do Entroido (Val de Francos) (Castro de Rei).
16	O oso de Salcedo tiznando a unha persoa da comunidade.
17	Os fariñeiros (Val de Francos) (Castro de Rei)
18	O oso de Salcedo, axudado polos seus criados, dedícase a tiznar.
19	O Antroido de Ribadeo.
20	Os volantes danzando (Vilaúxe) (Chantada).



Foto 1: As fiandeiras (Distriz)
(Monforte). Xoves de comadres.



Foto 2: As noivas buscando un millonario (Piñeira)
(Monforte). Xoves de comadres.



Foto 3: O desenterrar do entroido (Vilaúxe)
(Chantada).



Foto 4: Os volantes (Vilaúxe)
(Chantada).



Foto 5: O predicador (Val de Francos) (Castro de Rei).



Foto 6: O oso de Salcedo. (A Pobra de Brollón).



Foto 7: O enterro da Sardina. (Lugo).



Foto 8: Os volantes danzando. (Vilaúxe) (Chantada).



Foto 9: A roza dos toxos. (Distriz)
(Monforte). Xoves de compadres.



Foto 10: O Oficio de albanería (Vilaúxe)
(Chantada).



Foto 11: O xuízo do Entroido (Val de Francos) (Castro de Rei).



Foto 12: O enterro da Sardina (Lugo).



Foto 13: Os demos (Ribas Alys) (Monforte). Xoves de compadres.



Foto 14: O oficio dos Ferreiros. (Vilaúxe) (Chantada).



Foto 15: A queima do Entroido. (Val de Francos) (Castro de Rei).



Foto 16: O oso de Salcedo tizado a unha persoa da comunidade.
(A Pobra de Brollón).



Foto 17: Os fariñeiros (Val de Francos). (Castro de Rei).



Foto 18: O oso de Salcedo axudado polos seus criados, adícase a Tiznar.
(A Pobra de Brollón).



Foto 19: Os volantes danzando. (Vilaúxe) (Chantada).



Foto 20: O entroido de Ribadeo.